

**PROXECTO DE PRESUPOSTOS  
2000**



# INDICE

---

## *1. MEMORIA EXPLICATIVA*

1.1. INTRODUCCIÓN .....	7
1.2. INGRESOS Y GASTOS. RESUME XERAL .....	9
1.3. O FINANZAMENTO DO PRESUPOSTO .....	10
1.3.1. Fontes de financiamento.....	10
1.3.2. Estructura económica dos ingresos. Análise por Capítulos.....	13
1.4. A APLICACIÓN DOS RECURSOS. O PRESUPOSTO DE GASTOS .....	17
1.4.1. Estructura económica dos gastos.....	17
1.4.2. Análise por capítulos .....	19

## *2. PRESUPOSTOS E NORMAS DE EXECUCIÓN*

2.1. CLASIFICACIÓN ECONÓMICA .....	27
2.2. NORMAS DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO .....	27

## *3. ANEXOS*

3.1. Clasificación Económica.....	33
3.2. Gastos de persoal.....	37
3.3. Desglose do presuposto por partidas presupostarias: Clasificación orgánica, funcional e económica .....	46
3.3.1. Presuposto de ingresos.....	46
3.3.2. Presuposto de gastos.....	47
3.4. Reparto de crédito ós centros docentes .....	57
3.5. Obras prioritarias en 2000 financiadas con fondos de xestión propios .....	61
3.6. Inxerimentos a financiar con recursos propios, con transferencias de capital ou con recursos alleos. ....	65



## **MEMORIA EXPLICATIVA**

---

*1.1. Introducción*

*1.2. Ingresos e gastos. Resume xeral*

*1.3. O financiamento do presuposto*

*1.3.1. Os ingresos por prezos públicos  
e outros ingresos*

*1.3.2. Análise por Capítulos*

*1.4. A aplicación dos recursos. O  
Presuposto de Gastos*

*1.4.1. Estructura económica dos gastos*

*1.4.2. Análise por capítulos*



## **1.1. INTRODUCCIÓN**

O presuposto da USC para o ano 2000 constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática dos dereitos que previsiblemente se liquidarán no transcurso do exercicio, así como das obrigacións que pode recoñecer-la institución. A xestión presupostaria realizarase atendendo ás normas de execución que se explicitan no apartado 2.2, ó establecido na L.R.U. e nos Estatutos da nosa Universidade.

A elaboración do presuposto permitiúnos facer a planificación e a programación presupostaria adecuadas para un exercicio que marca o inicio da aplicación dun novo modelo de financiamento baseado no custo por crédito impartido segundo cada titulación e o número de créditos totais matriculados. O presuposto da USC depende esencialmente das transferencias correntes e de capital que cada ano fixa a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia nos seus presupostos e dos prezos públicos por servizos académicos e outros ingresos e, por tanto, o novo modelo permitiúnos traballar coas hipóteses máis razoables respecto a cales serán os ingresos que a Universidade prevé liquidar.

Avanzouse significativamente, xa que logo, no relativo ós mecanismos de financiamento do Sistema Universitario de Galicia. Así, pódese afirmar que, coa firma do ACORDO DE FINANCIAMENTO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA. PROGRAMA 2000-2003 ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA E AS TRES UNIVERSIDADES DE GALICIA, o 27 de xaneiro do 2000, despexáronse as incertidumes que viñan observándose e que, si ben non afectaban decididamente á materialización dos programas de gasto, propiciaban que resultara pretencioso establecer un programa de actuacións acorde coas necesidades reais e as previsións de demanda máis inmediatas.

O novo Programa de Financiamento dota ás Universidades galegas dun marco financeiro plurianual que garantiza o automatismo na dotación dos recursos e posibilita a programación plurianual. Tamén realiza un esforzo financeiro que é necesario recoñecer no que afecta ás dotacións presupostarias con destino ás Universidades galegas pola vía das transferencias correntes; concretamente, recolle un compromiso, que xa quedou reflectido nos Presupostos da Comunidade Autónoma para o ano 2000, polo que se incrementan en 520 millóns de pesetas os recursos financeiros que recibirá a nosa Universidade, procedentes das transferencias correntes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, destinados a atendé-los gastos correntes anuais en que debe incurrir calqueira Universidade para impartir unha docencia de calidade ós estudantes matriculados nas titulacións que imparte.

Sen embargo, introduce unha redución significativa no capítulo de Transferencias de Capital da nosa Universidade, como xa foi advertido polo Rector na presentación da actualización da Programación Plurianual e das Liñas Xerais do Presuposto para o ano 2000 no Claustro Universitario, o que obriga a realizar unha nova distribución temporal do plan de investimentos reais inicialmente previsto, que deberá ser completada coa aprobación dos programas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) asociados ó Programa de Desenvolvemento rexional da Unión Europea, pois o calendario de aprobación do mesmo sitúase na primavera do exercicio 2001.

Durante o proceso de elaboración do presuposto foron tidas en conta as propostas que forman parte da PROGRAMACIÓN PLURIANUAL (1999-2002) aprobada polo Claustro e o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela en marzo de 1999, que marca os eixes da política económica da nosa Universidade para ese período de tempo e proporciona unha referencia fundamental sobre as prioridades e os obxectivos que deben ser abordados

No compromiso de facer realidade tales obxectivos, o escenario económico no que se inserta este Presuposto pódese calificar de favorable, xa que permite afrontar con garantía as principais liñas de actuación. Neste senso, o incremento global en ingresos e gastos supera os 689 millóns de pesetas con respecto á previsión inicial do exercicio 1999, o que representa un crecemento do 2,77 por 100, que permite a USC superar por vez primeira na súa historia o

umbral dos 25.000.000.000 pesetas nos seus Estados de Ingresos e Gastos, acadando un total de 25.545.550.000 pesetas (153.500.000 Euros). Desá cantidade, 19.820.600.000 pesetas (119.124.200 Euros) son ingresos correntes, cifra que supera en 1.403.230.000 pesetas á correspondente ó exercicio anterior, e 5.724.950.000 pesetas (34.407.600 Euros) son ingresos de capital.

O presuposto para o ano 2000 non presenta ningunha modificación importante nas Normas de execución presupostaria, pois demostraron a súa validez e utilidade ó servizo da actividade económico-financiera da Universidade. Fixéronse só lixeiras modificacións para resolver certos inconvenientes que a súa aplicación mostraba, nun intento de simplificación administrativa que garante o cumprimento da legalidade.

Tampouco presenta modificacións importantes no que respecta á distribución dos fondos. Esta situación non debería manterse por máis tempo se nos fixamos como obxectivo a converxencia coas Universidades máis competitivas no entorno globalizado no que xa nos movemos. Por iso, parece imprescindible realizar as adaptacións necesarias para que a presentación dos créditos se realice atendendo a indicadores de actividade, obxectivos e resultados, coa finalidade de iniciar un novo proceso de xestión de recursos que permita a adecuación a unha futura operatividade con contratos-programa.

Adicionalmente ós aspectos xa indicados, as liñas básicas ou prioridades que presidiron a elaboración deste presuposto foron as seguintes:

-Ante a realidade de que os ingresos para o exercicio 2000 son limitados, e difícilmente poderán superar as cifras presupostadas, xurde a necesidade de realizar esforzos para a captación de recursos adicionais que permitan abordar novas actuacións.

-Como consecuencia do anterior, a marxe para a elaboración do presuposto de gastos foi moi limitado, polo que os criterios xerais de asignación consistiron en obter unha adecuada estimación e presupostación do capítulo de Gastos de Persoal e establecer unha correcta proporción entre os capítulos II de Gastos en ben correntes e servizos e VI de Inversións Reais, capítulo éste que se encontra enmarcado e limitado pola programación de inversións e polos recursos a obter para o seu financiamento.

-Apóstase pola modernización, non soio na área das novas tecnoloxías da información e das comunicacións (mellora da rede de comunicacións) senón na xestión da Biblioteca e a través da mellora da capacitación do persoal que se levará a cabo co Plan de Formación Docente e do Persoal de Administración e Servizos, que manteñen as dotacións existentes no presuposto anterior (10 e 27 millóns de pesetas, respectivamente).

-O apoio á docencia, á investigación e á extensión da cultura constitúe outra das finalidades do presuposto. Neste senso, incrementanse os créditos globais de equipamento docente, investigación e extensión cultural.

-Respétase o mantemento dos programas directamente vinculados ó desenvolvemento de políticas de acción social e de motivación do persoal, como clara demostración da aposta que o Equipo Rectoral realiza a prol dunha política efectiva de reforzamento da solidariedade e dos elementos que proporcionan e facilitan a cohesión dunha Comunidade Universitaria auténticamente integrada.



## 1.2. INGRESOS E GASTOS. RESUME XERAL

O presuposto da USC para o ano 2000 ascende a 25.545,55 millóns de pesetas (153,53 millóns de euros). O cadro 1 mostra os resúmenes do estado de ingresos e gastos clasificados por capítulos de acordo coa preceptiva clasificación por natureza económica.

**CADRO 1**  
**PRESUPOSTO ANO 2000. RESUME XERAL DE INGRESOS E GASTOS**

Capítulos	Presuposto inicial millóns de pesetas	Presuposto inicial millóns de euros
<b>III Prezos públicos e outros ingresos</b>	4.629,60	27,82
Prezos públicos	3.638	21,86
Servicios investigación	500	3,01
Outros ingresos	491,6	2,95
<b>IV Transferencias correntes</b>	15.101,00	90,76
Subvencións Comunidade Autónoma	14.891	89,50
Outras transferencias	210	1,26
<b>V Ingresos patrimoniais</b>	90,00	0,54
<b>TOTAL INGRESOS CORRENTES</b>	<b>19.820,60</b>	<b>119,12</b>
<b>VI Alleamento de investimentos reais</b>	0,00	0,00
<b>VII Transferencias de capital</b>	4.223,63	25,38
<b>TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS</b>	<b>24.044,23</b>	<b>144,51</b>
<b>VIII Variación activos financeiros</b>	1.501,33	9,02
<b>IX Variación pasivos financeiros</b>	0,00	0,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>1.501,33</b>	<b>9,02</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>5.724,95</b>	<b>34,41</b>
<b>TOTAL ESTADO DE INGRESOS</b>	<b>25.545,55</b>	<b>153,53</b>
<b>I Gastos de persoal</b>	14.461,80	86,92
<b>II Gastos en bens correntes e servicios</b>	2.860,98	17,19
<b>III Gastos financeiros</b>	25,00	0,15
<b>IV Transferencias correntes</b>	702,61	4,22
<b>TOTAL GASTOS CORRENTES</b>	<b>18.050,39</b>	<b>108,49</b>
<b>VI Investimentos reais</b>	7.416,16	44,57
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>7.416,16</b>	<b>44,57</b>
<b>VIII Variación activos financeiros</b>	79,00	0,47
<b>IX Variación pasivos financeiros</b>	0,00	0,00
<b>TOTAL ESTADO DE GASTOS</b>	<b>25.545,55</b>	<b>153,53</b>

A diferenza entre ingresos e gastos correntes do exercicio amosan as relacións financeiras básicas da institución e reflexan a súa solvencia económica e a súa capacidade para xerar aforro que lle permita abordar-lo financiamento de esforzos adicionais en investimentos reais para a mellora da súa calidade docente e investigadora.

As cifras do cadro 2 permiten observar a evolución do presuposto e do esforzo presupostario por alumno dende o exercicio 1994 ata o actual.

## CADRO 2.

### EVOLUCIÓN DO ESFORZO PRESUPOSTARIO NA USC, ANOS 1994-2000

MAGNITUDES	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000
Presuposto inicial (millóns de ptas. correntes)	14.031	15.405	18.634	18.980	21.876	24.856	25.546
Taxa anual de variación nominal (%)	-	9,79%	20,96%	1,86%	15,26%	13,62%	2,78%
Alumnos matriculados en centros propios	34.922	35.924	37.963	38.476	41.137	41.189	40.141
Taxa anual de variación nominal (%)	-	2,87%	5,68%	1,35%	6,92%	0,13%	-2,54%
Esforzo presupostario: Presuposto inicial /Alumno matriculado (ptas. correntes)	401.781	428.822	490.846	493.295	531.784	603.462	636.407
Taxa anual de variación nominal (%)	-	6,73%	14,46%	0,50%	7,80%	13,48%	5,46%
Deflación	100	104,73	108,39	110,51	112,60	116,20	118,53
Esforzo presupostario: Presuposto inicial /Alumno matriculado (ptas. reais ano 1994)	401.781	409.455	452.852	446.380	472.277	519.331	536.916
Taxa anual de variación nominal (%)	-	1,91%	10,60%	-1,43%	5,80%	9,96%	3,39%

inflación 2000 estimada no 2%

## 1.3. O FINANCIAMENTO DO PRESUPOSTO

### 1.3.1. Fontes de financiamento.

A diversidade de alternativas ofrecidas polo marco legal que rexe o financiamento universitario configura un sistema sometido á restricción sobre os instrumentos financeiros utilizados, que son os que aparecen recollidos no artigo 54 da LRU e no artigo 154 dos vixentes Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e que poderían agruparse baixo os seguintes epígrafes:

- A subvención global fixada anualmente pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- Os prezos públicos e restantes dereitos que legalmente se establezan, así como a compensación polas exencións legalmente establecidas.
- As subvencións, doazóns, legados e axudas de todo tipo concedidas á Universidade por institucións públicas ou privadas e particulares.
- Os rendementos procedentes do seu patrimonio e aqueloutros derivados da actividade universitaria e de actos e prestacións de servicios onerosos.
- O produto da venda de bens e de títulos propios e as compensacións orixinadas pola cesión de activos fixos.
- O produto das operacións de crédito que concertase a Universidade con entidades públicas ou privadas para o financiamento dos seus gastos de investimento.
- Os remanentes de tesourería e calquera outro ingreso.
- Os ingresos derivados de contratos que celebren os departamentos, os institutos e o seu profesorado a través do propio departamento ou instituto para a realización de traballos de carácter científico, técnico, artístico, así como para o desenvolvemento de cursos de especialización.

**CADRO 3****PRESUPOSTO DE INGRESOS DA USC** (en millóns de pesetas)**ESTRUCTURA ECONÓMICA**

	1999	2000	%Variación s/99	% s/total
<b>Capítulo</b>				
III. Prezos públicos e outros ingresos	4.036,37	4.629,60	14,70	18,18
IV. Transferencias correntes	14.250,00	15.101,00	5,97	59,30
V. Ingresos patrimoniais	131,00	90,00	-31,30	0,35
<i>Total operacións correntes</i>	<i>18.417,37</i>	<i>19.820,60</i>	<i>8,16</i>	<i>78,22</i>
VI. Alleamento de investimentos reais	0,00	0,00	0,00	0,00
VII. Transferencias de capital	4.068,68	4.223,62	3,81	16,59
VIII. Variación de activos financeiros	870,00	1.501,33	72,57	5,88
IX. Variación de pasivos financeiros	1.500,00	0,00	-100,00	0,00
<i>Total operacións de capital</i>	<i>6.438,68</i>	<i>5.724,95</i>	<i>-11,09</i>	<i>22,41</i>
<i>Total operacións financeiras</i>	<i>2.370,00</i>	<i>1.501,33</i>	<i>-36,65</i>	<i>5,88</i>
<b>TOTAL</b>	<b>24.856,05</b>	<b>25.545,55</b>	<b>2,77</b>	<b>100,00</b>

O cadro 3 recolle as estruturas e as dotacións financeiras que dan contido ó estado de ingresos da universidade para o ano 2000. Pódense destacar da análise dos seus datos os seguintes rasgos fundamentais:

A) No que afecta á *orixe dos fondos*, os recursos propios e asimilados (incluíndo neste grupo aqueles recursos sobre os que a Universidade dispón, en distintos graos, de capacidade de xestión, e que configuran o grao de autonomía financeira dispoñible), constituídos polos prezos públicos e outros ingresos, ingresos patrimoniais e variación de activos financeiros, posúen en termos relativos unha importancia bastante reducida no financiamento da universidade, pois acadan a cifra de 6.220,93 millóns de pesetas, que representa o 24,35% (ver cadro 4). O resto, é dicir, o 75,65%, que ascende a 19.324,625 millóns de pesetas, constitúe o financiamento alleo que para o desenvolvemento da súa actividade recibe a institución.

A reducida capacidade de xeración directa de recursos que presenta a Universidade e o feito de que o financiamento alleo proceda practicamente na súa maior parte da Comunidade Autónoma, fai inviable calquera programación económica que explicitamente non considere á nosa administración educativa, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e constitúe un certo factor de debilidade á autonomía financeira da universidade que a LRU lle recoñece, pois presenta desa forma unha excesiva dependencia externa, peculiaridade que por outra banda é compartida, aínda que en distinta proporción, polas restantes universidades públicas.

#### CADRO 4

##### PRESUPOSTO DE INGRESOS (en millóns de pesetas)

##### RECURSOS PROPIOS E ALLEOS

	1999	% s/Total	2000	% s/Total
PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	4.036,37	16,24%	4.629,60	18,18
INGRESOS PATRIMONIAIS	131,00	0,53%	90	0,35
VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEROS	870,00	3,50%	1.501,33	5,88
ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0	---	0	--
<b>RECURSOS PROPIOS</b>	<b>5.037,37</b>	<b>20,27%</b>	<b>6.220,93</b>	<b>24,35</b>
TRANSFERENCIAS CORRENTES	14.250,00	57,33%	15.101,00	59,30
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	4.068,68	16,37%	4.223,62	16,59
VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS	1.500,00	6,03	0	--
<b>RECURSOS ALLEOS</b>	<b>19.818,68</b>	<b>79,73%</b>	<b>19.324,62</b>	<b>75,65</b>
<b>RECURSOS TOTAIS</b>	<b>24.856,05</b>	<b>100,00%</b>	<b>25.545,55</b>	<b>100,00</b>

B) Atendendo á *estructura económica* do presuposto, o estado de ingresos da Universidade para o ano 2000 reflicta que as denominadas *operacións correntes* acadan os 19.820,6 millóns de pesetas, que representan o 77,59% dos recursos totais, cifra superior en 1.403,23 millóns de pesetas á do pasado exercicio. As aportacións dos capítulos terceiro e cuarto, que reúnen as dotacións procedentes dos usuarios dos servizos docentes e de investigación que proporciona a Universidade e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, son as dúas principais fontes de financiamento da nosa institución.

As *operacións de capital*, cun montante inicial de 5.724,95 millóns de pesetas, que representan o 22,41% do total dos recursos, nótrense das transferencias que realizan á Universidade as institucións públicas e privadas como resultado, polo xeral, de convenios e acordos previamente establecidos e, así mesmo, dos recursos xerados en anteriores exercicios presupostarios que conforman os remanentes de tesourería ou a través de operacións de endebedamento.

C) Outra consideración dos ingresos da universidade para o ano 2000 responde a parámetros de carácter financeiro, segundo que os recursos que integran o estado de ingresos teñan a súa orixe en operacións financeiras ou non financeiras. Neste sentido, as dotacións procedentes de operacións non financeiras agrupan o 94,12% dos recursos cos que conta a Universidade para o desenvolvemento da súa actividade productiva e totalizan 24.044,225 millóns de pesetas, cun incremento respecto ó exercicio anterior do 6,93%. A estrutura dos ingresos non financeiros configúrase por un 19,63% de recursos propios (Prezos públicos e outros ingresos e Ingresos patrimoniais), que totalizan 4.719,6 millóns de pesetas, e por un 80,37% de recursos alleos, que acadan os 19.324,625 millóns de pesetas.

As dificultades económicas e as limitacións legais coas que se atopan as universidades cando deciden acudir a operacións de crédito para aumenta-la súa capacidade de financiamento dos gastos de capital fai que, practicamente, esta fonte de financiamento se reduza ó capítulo de variación de activos financeiros, especialmente ós remanentes de tesourería e, escasamente, ó de variación dos pasivos financeiros. Así, o recursos a operacións financeiras para aumentar a capacidade operativa da nosa Universidade no ano 2000 acada o importe de 1.501,33 millóns de pesetas, que representan o 5,88% dos ingresos totais e correspóndese co capítulo de variación de activos financeiros.

A utilización pola universidade nos presupostos dos vindeiros exercicios de operacións financeiras encamiñadas a aumentar e anticipa-la súa capacidade de gastos en investimentos pode convertirse nun instrumento de grande utilidade e eficacia para a súa programación plurianual, unha vez reducido o nivel de incertidume que proxectaba a súa principal fonte de financiamento, as transferencias de capital da administración educativa, co Acordo de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia para o período 2000-2003.

### 1.3.2. Estructura económica dos ingresos. Análise por Capítulos.

#### A) Operacións correntes

O presuposto de ingresos da USC clasifica nos seus capítulos terceiro ó quinto os ingresos por operacións correntes. O importe dos ingresos por operacións correntes para o ano 2000 é de 19.820,60 millóns de pesetas, o que supón o 77,59% dos ingresos totais inicialmente presupostados e proceden, na súa meirande parte, das Transferencias correntes (59,11%) e dos Prezos públicos que os estudantes pagan pola súa matrícula e Outros ingresos (18,12%), sendo marxinais os Ingresos patrimoniais (0,35%).

#### Capítulo III: Prezos públicos e outros ingresos

A previsión presupostaria deste capítulo, que inclúe os ingresos derivados da prestación dos servizos de carácter académico ou doutro tipo que a USC oferta á sociedade acadada a cifra de 4.629,60 millóns de pesetas, que en relación coa cantidade inicial presupostada no exercicio anterior supón un incremento do 14,70%


O cadro 5 mostra a evolución desta fonte de ingresos nas previsións iniciais dos exercicios 1999 e 2000.

#### CADRO 5


#### INGRESOS POR PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS NOS EXERCICIOS 1999 E 2000

Conceptos	Pesetas		Euros	2000/1999 %Δ
	<u>1999</u> Inicial	<u>2000</u> Inicial	<u>2000</u> Inicial	
Prezos públicos	3.581.000.000	3.638.000.000	21.864.820	1,59
Cuarto ciclo	0	5.000.000	30.051	--
Instituto Idiomas	70.700.000	79.000.000	474.800	11,74
Instituto Criminoloxía	12.500.000	14.000.000	84.142	12,00
Escola Práctica Xurídica	8.000.000	9.600.000	57.697	20,00
Expedición títulos propios	5.000.000	7.000.000	42.071	40,00
Outros ingresos	359.173.000	877.000.000	5.274.482	144,34

### Número alumnos matriculados equivalentes na USC



### Número de créditos matriculados USC



No que se refire ós prezos públicos por servizos académicos e administrativos, que constitúen a fonte de ingresos propios de carácter recorrente da Universidade, a súa estimación experimenta un incremento (1,59%) respecto á inicial de 1999, o que supón un aumento de 57 millóns de pesetas. Os criterios de estimación desta compoñente de ingresos foron os seguintes:

- A base do cálculo foi a liquidación anualizada real do exercicio anterior, actualizándose o seu importe coa media de subida de prezos para o curso 2000-2001 (2%), e cunha estimación da redución do número de alumnos do 2% para o curso 2000-2001.

Os ingresos por compensación de exencións, por bolsas e familia numerosa de primeira categoría con tres fillos baséronse nas liquidacións do curso 1998-1999 efectivamente certificadas ó Ministerio de Educación e Cultura.

A forte subida experimentada neste capítulo explícase, fundamentalmente, polas previsións de ingresos por servizos universitarios de investigación (art. 11 da LRU) mediante contratos por importe de 500 millóns de pesetas; en exercicios anteriores non se facía esta previsión no presuposto inicial.

#### *Capítulo IV: Transferencias correntes*

Os ingresos previstos para o ano 2000 neste capítulo, que recolle as subvencións e transferencias que a USC recibe para gastos correntes constitúe, desde o punto de vista cuantitativo, a súa principal fonte de fondos. O importe inicialmente presupostado ascende á cantidade de 15.101 millóns de pesetas, representativo do 59,11% dos recursos totais do presuposto da Universidade, incrementándose en 851 millóns de pesetas, equivalentes a unha taxa de variación do 5,97%, respecto ás previsións iniciais do exercicio 1999.

As transferencias procedentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia por importe global de 14.891 millóns de pesetas, fundamentalmente en concepto de subvención incondicionada á Universidade destinada á cobertura xenérica de parte dos gastos básicos de funcionamento constitúen a práctica totalidade dos ingresos deste capítulo, pois representan o 98,61% das transferencias totais o que permite soste que a nosa Universidade ten un financiamento mixto pero predominantemente público da súa actividade.

O xeito de determina-lo financiamento incondicionado e demais partidas financeiras do capítulo IV procedentes da Comunidade Autónoma durante os últimos anos, así como as regras da súa valoración contiñanse no Plano de Financiamento do Sistema Universitario Galego (1990-1996) e nos Acordos de Financiamento entre as tres Universidades de Galicia e a Comunidade Autónoma.

Para o ano 2000 as transferencias da Xunta de Galicia calculáronse con arreglo ós créditos consignados nos presupostos da Comunidade Autónoma no programa 322C –Ensinio Universitario- da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e ós criterios de reparto contidos no Programa de Financiamento do Sistema Universitario Galego (2000-2003) asinado o 27 de xaneiro do ano 2000, podéndose desagregar nos seguintes conceptos:

a) A subvención incondicionada para atender ás necesidades da Universidade en materia de gastos de persoal docente e de administración e servizos e de funcionamento. A súa cuantía determínase anualmente considerando un conxunto de indicadores de carácter basicamente académico, baseado no custo real das titulacións que se imparten en cada Universidade, sendo as correspondentes ó ano 2000 as seguintes:

Universidade da Coruña	7.902 millóns de pesetas
Universidade de Santiago de Compostela	14.412 “ “
Universidade de Vigo	9.283 “ “
<u>Total</u>	<u>31.597 millóns de pesetas</u>

b) Unha partida finalista de 208 millóns de pesetas que ten por obxecto cubrir os gastos de persoal docente derivados da avaliación positiva nalgún tramo de investigación ó abeiro do Real Decreto 1086/89, de 28 de agosto, e da Orde do 5 de febreiro de 1990. Estímase acadar por este concepto un total de 208 millóns de pesetas, o 77% da subvención consignada pola Xunta nos Presupostos da Comunidade Autónoma (270 millóns de pesetas).

c) Finalmente, presupóstase unha partida de 271 millóns de pesetas que ten por obxecto contribuir ó equilibrio presupostario das Universidades. Este financiamento enmárcase nun convenio de colaboración asinado polo MEC, as Comunidades Autónomas e as Universidades.

No resto de conceptos do capítulo IV, de menor importancia relativa, cabe sinalar as aportacións xa negociadas coas entidades bancarias (Banco Central Hispano 140 millóns de pesetas –o que significa un incremento do 241% con respecto á relativa a 1999-; Caixa Galicia 50 millóns de pesetas e Banco Pastor 20 millóns de pesetas).

#### *Capítulo V: Ingresos patrimoniais*

Neste capítulo recóllense os ingresos que se producirán no ano 2000 pola utilización de activos que integran o patrimonio da Universidade por parte de terceiros. O importe inicialmente previsto ascende á contía de 90 millóns de pesetas, o que significa unha redución do 31,30% con respecto ós presupostados no exercicio precedente que se explica, fundamentalmente, pola evolución dos saldos e tipos de xuros que experimentarán as contas operativas da tesourería da Universidade ó longo do exercicio.

### **B) Operacións de Capital**

As denominadas operacións de capital aglutinan os recursos provenientes dos capítulos VI, VII, VIII e IX do Presuposto de ingresos. Deles, os dous últimos capítulos conforman as coñecidas como Operacións Financeiras.

A cantidade inicialmente presupostada para o ano 2000 no conxunto das operacións de capital, acada a cifra de 5.724,95 millóns de pesetas, o que ven a representar o 22,41% sobre o total do presuposto de ingresos. Internamente, na estrutura das operacións de capital, o habitual e o que demanda a lóxica presupostaria é que presenten un maior peso as operacións reais ou non financeiras –Capítulos VI e VII- que as operacións propiamente financeiras. No caso da USC esa situación é a que reflicte o presuposto do ano 2000, no que as operacións de capital en sentido estrito representan o 73,78% e as operacións financeiras o restante 26,22% dos recursos que integran o conxunto dos ingresos de capital.

O desglose das operacións de capital, atendendo á clasificación económica é como segue:

#### *VI. Alleamento de investimentos reais.*

Este capítulo obedece sempre a circunstancias de tipo conxuntural, polo que máis ben ten un carácter extraordinario dentro das actuacións da Universidade, que non tén previsto para o ano 2000 o alleamento de ningún ben de capital dos que actualmente conforman o seu patrimonio.

#### *VII. Transferencias de capital*

Este capítulo, que é expresión do conxunto de subvencións e transferencias que recibirá a USC para gastos de capital, en grande medida de carácter “finalista” (con destino predeterminado polo organismo subvencionador) constitúe, xunto co aforro presupostario, o principal compoñente do financiamento dos gastos de investimento, por canto no actual exercicio non se contempla aportación algunha do endebedamento para esa finalidade. A previsión de ingresos por transferencias de capital sitúase en 4.223,62 millóns de pesetas, experimentando un incremento do 3,81% respecto á previsión inicial de 1999, moi inferior ó rexistrado no exercicio precedente (+31,26%) debido, basicamente, á definición do Plan de Investimentos 2000-2003.

A Programación de Investimentos da USC cofinánciase na anualidade do ano 2000 do seguinte xeito:

- Pola Comunidade Autónoma de Galicia (724,43 millóns de pesetas). Corresponde coas anualidades que figuran recollidas nos Convenios xa asinados para a construción do novo Complexo docente no Campus de Lugo destinado á Facultade de Humanidades, Escola de Enfermería e Escola de Relacións Laborais (300,5 millóns procedentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e 212,63 millóns que serán aportados pola Consellería de Sanidade e Servizos Sociais) e para a construción que se está a facer no Campus de Compostela destinada á Biblioteca de Ciencias Sociais e Xurídicas (211,3



millóns de pesetas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria). O resto (328,2 millóns de pesetas) utilizaranse para o financiamento dos novos investimentos para os que a Universidade de Santiago ten que asinar os correspondentes Convenios coa Xunta de Galicia nos vindeiros meses.

- Polo FEDER (347 millóns de pesetas), que corresponde á anualidade prevista ó ano 2000 do Programa Operativo 2000-2006 (192 millóns de pesetas que se destinarán ó financiamento da rede ATM, Segunda Fase do proxecto do novo edificio para a Facultade de Farmacia), á que se engadeu financiamento (155 millóns de pesetas) procedente das diferencias de valor do Ecu respecto á Peseta dende o momento de aprobación do financiamento FEDER (1994) ata á actualidade.
- O resto finánciase coa previsión de Remanente de Tesourería afectado a este Plan.

Estas transferencias resultan á súa vez complementadas polas procedentes do programa de Reparación, Ampliación e Mellora (RAM) de edificios, que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria destina á Universidade de Santiago con arreglo á dotación para o ano 2000 establecida no Programa de Financiamento do Sistema Universitario Galego (2000-2003) cifrada en 324 millóns de pesetas (322 millóns en 1999).

Outro apartado significativo neste capítulo é a presupostación, tanto en ingresos como en gastos, da anualidade do ano 2000 de proxectos e infraestruturas de investigación financiados, especialmente, pola Secretaría Xeral de I+D da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia e polo MEC, o que supón un total de 2.500 millóns de pesetas.

#### *Capítulo VIII. Variación de activos financeiros*

Recolle no concepto “Remanente de Tesourería” unha previsión de 1.501,325 millóns de pesetas que corresponde ós créditos non gastados (remanentes) das actuacións do Plano de Aforro Enerxético (902 millóns de pesetas) e con outros recursos xerados no exercicio anterior, e destinados a financiar o presuposto de gastos da Universidade do ano 2000.

#### *Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros.*

Non se prevé recurrir no ano 2000 ás operacións de crédito como fonte de financiamento de investimentos, polo que inicialmente non se reflicte cantidade ningunha no marco deste capítulo presupostario.

## ***1.4. A APLICACIÓN DOS RECURSOS. O PRESUPOSTO DE GASTOS***

### **1.4.1. Estructura económica dos gastos.**

Unha vez coñecidas as orixes ou as diferentes fontes de ingresos, pasamos a cuantificar a continuación os créditos necesarios nos distintos capítulos que integran o Estado de Gastos, é dicir, a aplicación dada ós fondos ou recursos obtidos, de forma que se chegue así a un presuposto público, único e equilibrado, tal como establece o artigo 54 da Lei de Reforma Universitaria e o artigo 152 dos Estatutos da nosa Universidade.

O presuposto para o ano 2000 intenta compatibilizar a aprobación de dotacións que, sen deixar de ser suficientes para a atención do gasto corrente, permitan o mantemento dunha adecuada política de investimentos, limitando así, en certa medida, os efectos da menor capacidade de financiamento das operacións de capital rexistrada no presuposto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O cadro seguinte recolle os conceptos e cantidades máis significativas do Estado de Gastos nos dous últimos anos, así como as variacións experimentadas no proxecto de presuposto do ano 2000 respecto ó exercicio anterior e o valor relativo dos gastos en cada capítulo presupostario respecto ó gasto total do ano 2000.

## CADRO 6

### PRESUPUESTO DE GASTOS DA USC (en millóns de pesetas) ESTRUCTURA ECONÓMICA

	1999	2000	%Variación s/99	% s/total
<b>Capítulo</b>				
I. Gastos de persoal	13.704,00	14.461,80	5,53	56,61
II. Gastos en bens correntes e servicios	2.702,12	2.860,98	5,88	11,20
III. Gastos financeiros	8,00	25,00	212,50	0,10
IV. Transferencias correntes	659,77	702,61	6,49	2,75
<b>Total operacións correntes</b>	<b>17.073,89</b>	<b>18.050,39</b>	<b>5,72</b>	<b>70,66</b>
VI. Investimentos reais	7.580,16	7.416,16	-2,16	29,03
VIII. Variación de activos financeiros	0,00	79,00	0,00	0,31
IX. Variación de pasivos financeiros	202,00	0,00	-100,00	0,00
<b>Total operacións de capital</b>	<b>7.782,16</b>	<b>7.495,16</b>	<b>-3,69</b>	<b>29,34</b>
<b>Total operacións financeiras</b>	<b>202,00</b>	<b>79,00</b>	<b>-60,89</b>	<b>0,31</b>
<b>TOTAL</b>	<b>24.856,05</b>	<b>25.545,55</b>	<b>2,77</b>	<b>100,00</b>

Ó analizar o Estado de Gastos do Presuposto para o ano 2000 dende a vertiente económica dos créditos que o integran, os aspectos máis significativos da evolución destas magnitudes son as seguintes:

O presuposto de gastos da USC para o ano 2000 ascende a 25.545,55 millóns de pesetas, importe que representa un incremento do 2,77% respecto do presuposto inicial do ano anterior. Desda cantidade, 25.466,55 millóns de pesetas corresponden a operacións non financeiras, que superan nun 3,30% ó importe do exercicio precedente, e 79 millóns a operacións de carácter financeiro, que presentan unha taxa de variación negativa do 60,89% con respecto ó importe correspondente do ano 1999

Dende outra perspectiva, os gastos correntes, nos que se inclúen tanto os destinados ó funcionamento dos servicios como os derivados do pagamento dos intereses do endebedamento e os asignados á realización de transferencias e subvencións de carácter corrente (capítulos primeiro ó cuarto do Presuposto de Gastos), suman un total de 18.050,39 millóns de pesetas, e aumentan nun 5,72% a dotación do exercicio precedente. Este tipo de gastos absorbe en términos relativos o 70,66% dos gastos totais e caracterízanse pola notable rixidez da súa estrutura, xa que na súa maior parte están constituídos por gastos de persoal, destinados nunha gran proporción ó cumprimento de dereitos subxectivos preexistentes, e por gastos necesarios para garanti-lo funcionamento da Universidade, mentras que os gastos financeiros veñen determinados polas propias características da débeda así como polo estado de situación da tesourería ó longo do exercicio. O detalle e a explicación de todas e cada unha das partidas que integran os diferentes capítulos de gastos das operacións correntes recóllese no apartado 1.4.2.

Pola súa parte, os gastos de capital, que inclúen os investimentos reais, as transferencias de capital e as variacións de activos e pasivos financeiros, acadan un importe de 7.495,16 millóns de pesetas, o que significa que experimenta unha redución de 3,69 puntos porcentuais polas causas que se explicarán ó tratar dos distintos capítulos de gasto, e que o seu valor relativo respecto ós gastos totais da Universidade sitúase no 29,34%, porcentaxe esta última que representa un certo aval para a distribución establecida entre os gastos destinados ó funcionamento dos servicios e os que se destinan a investimentos novos e de reposición.

## 1.4.2. Análise por capítulos

### *Capítulo I. Gastos de persoal.*

Aplicaranse a este capítulo os gastos derivados das retribucións e indemnizacións a satisfacer pola USC a todo o seu persoal por razón do traballo realizado. Igualmente, incorporaranse a este capítulo os gastos motivados polas cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e ás entidades xestoras do sistema de previsión social do seu persoal, así como os gastos de natureza social realizados pola USC en cumprimento de disposicións e /ou acordos con destino ó seu persoal.

O total dos créditos deste capítulo previsto no Presuposto para atender ás necesidades económicas dos diferentes cadros de persoal docente e de administración e servizos ascende a 14.461,80 millóns de pesetas, o que representa un crecemento de 757,80 millóns de pesetas en termos absolutos e un 5,53% sobre o importe deste mesmo capítulo de gastos do presuposto aprobado no exercicio 1999. Tense que destacar que, dada a especial estrutura da Universidade en tanto que prestadora de servizos de docencia e investigación, o peso porcentual dos gastos de persoal sobre o total de gastos é de un 56,61%, sendo con diferenza o de maior importancia de tódolos compoñentes do Presuposto, porcentaxe que se eleva ata un 80,12% se a comparación se establece unicamente sobre os gastos correntes.

O aumento previsto para este tipo de gastos no Presuposto obedece, entre outros, ós seguintes motivos:

- Incremento xeral das retribucións do persoal da Universidade, nun 2% sobre as vixentes en 1999, establecido, con carácter xeral, para todo o persoal ó servizo da Comunidade Autónoma polo artigo 10 da Lei 7/1999, do 29 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2000.
- Como en anos anteriores, mantense o importante crecemento vexetativo dos complementos retributivos do persoal docente e investigador, tales como trienios, produtividade docente e investigadora, todo elo como consecuencia do especial réxime retributivo deste persoal e da composición do cadro de persoal.
- Prevese unha dotación de novos créditos para atender as necesidades de ampliación e mellora do cadro de persoal docente de 50 millóns de pesetas, dotación que corresponde ó gasto previsto dun trimestre do total da ampliación e mellora que se aprobe durante o ano 2000 (200 millóns de pesetas como máximo).
- Inclúese unha dotación para atender as necesidades de ampliación e mellora do cadro de persoal de Administración e Servizos de 26,25 millóns de pesetas, dotación que corresponde ó gasto previsto dun trimestre do total da ampliación e mellora que se aprobe durante o ano 2000 (105 millóns de pesetas como máximo).
- Incrementábase no 6,31% a dotación aprobada en 1999 para o Plano de Pensións do persoal non laboral, quedando establecida en 42,6 millóns de pesetas.

### *Capítulo II. Gastos en bens correntes e servizos.*

Inclúense neste capítulo os recursos destinados a atender os gastos correntes en bens e servizos necesarios para o desenvolvemento das actividades propias da Universidade e que non impliquen un aumento do seu capital ou do seu patrimonio. Concretamente, son imputables a este capítulo os gastos orixinados pola adquisición de bens que presenten algunha das seguintes características:

- a).- Ser bens funxibles.
- b).- Ter unha duración previsiblemente inferior ó exercicio presupostario
- c).- Non ser susceptibles de inclusión en inventario
- d).- Ser, previsiblemente, gastos reiterativos

A cantidade inicialmente prevista para satisfacer os gastos xerados ó abeiro deste capítulo presupostario acada un montante global de 2.860,98 millóns de pesetas o que

representa un aumento de 158,86 millóns de pesetas en termos absolutos, respecto ó exercicio 1999, e un crecemento porcentual do 5,88%, superior ó crecemento medio do presuposto.

Ademáis da lóxica adecuación dalgúns importes ós aumentos derivados da inflación prevista para o vindeiro exercicio, os incrementos deste tipo de gastos veñen explicados basicamente pola posta en funcionamento das novas instalacións universitarias (novos edificios para a Facultade de Ciencias da Información, para a titulación de Enxeñería Química e para o Complexo Docente de Lugo, así como a ampliación das Facultades de Psicoloxía, Ciencias Políticas e Escola de Relacións Laborais, Bioloxía, ...) que esixe o aumento das dotacións deste capítulo de gastos. En concreto, incrementáronse, entre outros, os créditos para atender os servizos de limpeza dos novos edificios e o aumento dos consumos de enerxía eléctrica que previsiblemente se producirán coa entrada en funcionamento daqueles.

### *Capítulo III. Gastos financeiros*

As dotacións presupostarias deste capítulo destínanse a satisfacer as cargas financeiras por xuros das débedas contraídas ou asumidas pola USC. Recolle os gastos por xuros que se poidan xerar ó longo do exercicio pola disposición do préstamo de 1.298 millóns de pesetas contraído en 1999, e aínda non disposto, para financiar o programa de aforro enerxético.

### *Capítulo IV. Transferencias correntes*

Este capítulo recolle basicamente as liñas de axuda e bolsas complementarias respecto ás concedidas por outras administracións públicas e as subvencións a Fundacións e a aportación a CIUG para as probas de acceso. O total de dotacións do capítulo, 702,6 millóns de pesetas supón un lixeiro aumento sobre os créditos aprobados en 1999, un 6,49%, non variando significativamente a súa incidencia no total do presuposto, pois só representa un 2,75%.

### *Capítulo VI. Investimentos reais.*

O Capítulo VI de Investimentos reais comprende os gastos a realizar directamente pola Universidade destinados á creación ou adquisición de bens de capital, así como os destinados á adquisición de bens de natureza inventariable necesarios para o funcionamento operativo dos seus servizos e aqueles outros gastos de natureza inmaterial que teñan carácter amortizable.

A dotación presupostaria prevista inicialmente para este capítulo ascende a 7.416,16 millóns de pesetas, o que supón unha redución de 164 millóns de pesetas, en termos absolutos e unha variación do 2,16% de diminución, sobre as dotacións deste capítulo de gastos aprobadas no presuposto de 1999.

Dos créditos incluídos neste capítulo convén destacar os seguintes:

- Os investimentos da anualidade 2000 do Programa Operativo do FEDER, cun montante total de 320 millóns de pesetas. Estes investimentos están financiados polo FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional) e a USC.
- Outros proxectos de obras e investimentos a realizar no ano 2000 contidas na Programación Plurianual 2000-2002 da USC acadan un total de 1.426,5 millóns de pesetas.
- Recóllense tamén as obras que a USC ten en execución das conveniadas coa Comunidade Autónoma por valor de 724,42 millóns de pesetas (Complexo Docente de Lugo, 300,5 millóns de pesetas procedentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e 212,62 da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais; Biblioteca de Ciencias Sociais e Xurídicas, 211,3 millóns procedentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria).
- Establécese unha dotación de 379,1 millóns de pesetas para "edificios e outras construcións" (275 millóns para ampliación e mellora de edificios, 54,10 millóns para infraestruturas de Seguridade e 50 millóns para proxectos de obras) o que supón unha taxa de variación negativa do 21,98% sobre o exercicio precedente pero que permitirá continuar desenvolvendo o programa de ampliación e melloras nos edificios e de

Seguridade contidos na Programación Plurianual aprobada polo Claustro e Consello Social. O detalle das actuacións inversoras programadas para o ano 2000 recóllense no Anexo 1 do Presuposto.

- Contémplase unha dotación de 115 millóns de pesetas para levar a cabo o programa de equipamento docente centralizado do Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións, o que supón un incremento do 9,52% respecto á correspondente ó exercicio anterior.
- A dotación para adquisición de revistas científicas sitúase en 335 millóns de pesetas, que incrementa nun 13,56% os créditos existentes no presuposto de 1999 para a mesma finalidade.
- O importe dos créditos que se distribuirán ós Centros e Departamentos non experimentan modificación algunha con respecto ó correspondente ó exercicio anterior.

No apartado 1.3.2. analizouse o importe da anualidade 2000 derivada da aplicación do Plan de investimentos da USC contido na Programación Plurianual 1999-2002 e das obras non incluídas nesta última conveniadas coa Xunta de Galicia. A información que contén o cadro 7 mostra detalladamente a previsión para o 2000 de 2.710,42 millóns de pesetas para a execución do dito Plan, distribuída entre cada un dos proxectos que a integran.

**CADRO 7****ANUALIDADE 2000. OBRAS PRESUPOSTADAS (millóns de pesetas correntes)**

<b>Proxecto</b>	<b>Programado 2000</b>	<b>Anualidades futuras</b>
<b>Segunda anualidade. Programación</b>		
<b>Plurianual 1999-2002</b>		
<b>Urbanización</b>		
Vial acceso edificio Enxeñería Química	13,5	0
Urbanización contornos Burgo das Nacións	30	0
Urbanización campus lucense	20	20
<b>Total obras Urbanización.....</b>	<b>63,5.....</b>	<b>20</b>
<b>Obra nova</b>		
Proxecto Campus Ciencias da Saúde	70	220
Edificio Enxeñería Química (2ª e 3ª fase)	150	650
Almacén de Resíduos	50	30
Banco de Osos	66,5	66,5
Casa do Estudante (Casa Simeón)	50	50
Edificio Vicerrectorado Lugo	30	110
<b>Total obra Nova .....</b>	<b>416,5.....</b>	<b>1.126,5</b>
<b>Obras Reforma</b>		
Colexio Maior Fonseca	111	0
Nova planta Facultade de Farmacia	50	140
Animalarios	20	0
Ampliación e aparcadoiro Fac. Económicas e Empr.	100	260
Rehabilitación edificio Mazarelos	50	110
Escola Univ. EXB Lugo	50	25
<b>Total obras Reforma.....</b>	<b>381.....</b>	<b>535</b>
<b>Equipamentos</b>		
Casa de Europa	33	0
Mellora Rede comunicacións	120	0
Resto equipamentos	70	86
<b>Total Equipamentos.....</b>	<b>223.....</b>	<b>86</b>
<b>Enerxía</b>		
Plan de aforro enerxético	902	0
<b>Total Enerxía .....</b>	<b>902.....</b>	<b>0</b>
<b>TOTAL</b>	<b>1.986</b>	<b>1.767,50</b>
<b>Convenios. Anualidade 2000</b>		
<b>Obras en execución.</b>		
Complexo Docente Lugo	513,12	0
Biblioteca Ciencias Sociais e Xurídicas	211,30	0
<b>Total obras en execución.....</b>	<b>724,40.....</b>	<b>0</b>
<b>TOTAL</b>	<b>2.710,42</b>	<b>1.767,50</b>

#### *Capítulo VIII: Variación de activos financeiros*

Neste capítulo de activos financeiros aparecen presupostados no exercicio os créditos necesarios para facer fronte ó incremento de capital da Sociedade Xestora de Intereses da USC (UNIXEST, S.L.) acordado polo seu Consello de Administración por valor de 154 millóns de pesetas para sufragalos novos proxectos. A dotación de 79 millóns consignada neste capítulo permitirá no ano 2000, en primeiro termo, ampliar en 53 millóns de pesetas o capital da Sociedade e, en segundo termo, ampliar o seu capital en 101 millóns de pesetas, dos que 26 millóns deberán ser desembolsadas no presente exercicio, para suscribir as futuras accións dunha Sociedade de Capital-Risco (UNIRISCO, S.C.R.) que a USC está decidida a crear coa finalidade de que poida canalizar capitales cara a pequenas empresas, fundamentalmente de carácter innovador, mediante a toma de participacións no capital das mesmas, xeralmente en forma minoritaria e temporal.

#### *Capítulo IX: Variación de pasivos financeiros*

Este capítulo, pertencente á estrutura financeira do Presuposto de Gastos, debe incorporar os créditos destinados á amortización de débedas contraídas pola Universidade. No Presuposto do ano 2000 redúcese a 0 a causa do desprazamento das amortizacións previstas do crédito formalizado no pasado ano para financiar o Programa de Aforro Enerxético.





## 2 PRESUPOSTOS E NORMAS DE EXECUCIÓN

---

*2.1. Clasificación económica*

*2.2. Normas de ejecución do presuposto*



**PRESUPOSTO DA UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANO 2000**

En virtude do disposto no artigo 54 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de Reforma Universitaria, e no artigo 152 dos Estatutos da Universidade, pola presente norma apróbanse os presupostos da Universidade de Santiago de Compostela para o exercicio 2000, que acadan a contía inicial en ingresos e gastos de **VINTECINCO MIL CINCOCENTOS CUARENTA E CINCO MILLÓNS CINCOCENTAS CINCUENTA MIL PESETAS**

**2.1. CLASIFICACIÓN ECONÓMICA**

**1.- CLASIFICACIÓN ECONÓMICA**

<b>INGRESOS</b>	<b>25.545.550.000</b>
Capítulo III.- ..... Prezos públicos e outros ingresos.....	4.629.600.000
Capítulo IV.- ..... Transferencias correntes.....	15.101.000.000
Capítulo V.- ..... Ingresos patrimoniais.....	90.000.000
Capítulo VII.- ..... Transferencias de capital.....	4.223.625.000
Capítulo VIII.- ..... Variación activos financeiros .....	1.501.325.000

<b>GASTOS</b>	<b>25.545.550.000</b>
Capítulo I.- ..... Retribucións de persoal .....	14.461.800.000
Capítulo II.- ..... Gastos en bens correntes e servicios .....	2.860.981.000
Capítulo III.- ..... Gastos financeiros .....	25.000.000
Capítulo IV.- ..... Transferencias correntes.....	702.606.000
Capítulo VI.- ..... Invetimentos reais .....	7.416.163.000
Capítulo VIII.- ..... Variación de activos financeiros .....	79.000.000

